

## **ACORDO DE CESIÓN DE DATOS PARA A OFERTA DE SERVIZOS ADMINISTRATIVOS PERSONALIZADOS ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, á data das sinaturas dixitais.

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade nomeado polo Decreto 60/2022, de 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, facultado segundo o establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, de 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, en uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, das normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, e de conformidade co establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).



E Don Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante, Amtega), nomeado polo Decreto 149/2022, do 1 de setembro, no uso das facultades que lle son atribuídas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das facultades que os seus respectivos cargos lles confiren para subscribir o presente acordo, e na súa virtude,

## **EXPOÑEN:**

I. Conforme o previsto na disposición adicional terceira da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 25 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a Consellería de Sanidade poderá comunicar, por petición da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico, nas condicións que se establezan no acordo de cesión, os datos de identificación de usuarios do sistema público sanitario, co fin de ofrecer, de forma proactiva, servizos administrativos personalizados no exercicio das súas funcións e competencias. Para a cesión de datos especialmente protexidos por motivos de saúde será necesario, en todo caso, o consentimento da persoa afectada ou de quen teña a representación legal ou que estea autorizado para o acceso á carteira de servizos telemáticos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

II. Na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, defínense os servizos proactivos personalizados, de tal xeito que a partir da información dispoñible na Carpeta cidadá sobre as persoas interesadas, a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ofrecer, de forma proactiva, servizos personalizados no exercicio das súas funcións e competencias,



relativos ás súas preferencias persoais e aos seus intereses, sempre que se apliquen as medidas adecuadas para a protección dos dereitos, das liberdades e dos intereses lexítimos das persoas destinatarias.

Tamén se establece que para o tratamento dos datos persoais necesarios para a prestación dos servizos sinalados neste precepto será necesario que a persoa interesada preste o seu consentimento, nos termos previstos na normativa de protección de datos de carácter persoal, debendo subministrárselle a aquela a información exixida pola dita normativa.

Este tratamento exixirá a adopción das medidas de seguridade necesarias conforme o disposto no Esquema nacional de seguridade no ámbito da administración electrónica e na normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.

**III.** Dentro dos plans xestionados pola Consellería de Política Social e Xuventude atópanse unha serie de servizos que requiren dos datos de identificación das persoas usuarias do sistema público sanitario, nas condicións que se establecen neste acordo de cesión.

Como consecuencia de todo o exposto, en atención ao obxectivo último de alcanzar unha Administración pública galega coordinada, cohesionada, interrelacionada e interoperable; en definitiva, eficiente e útil de cara a todos os cidadáns, é de interese de todas as partes asinantes aprobar un marco estable de colaboración na materia indicada, a fin de dar cumprimento ás prescricións legais en vigor e ás que poidan derivarse de normativas futuras do nivel autonómico ou estatal.

Que o dito acordo é acorde ao espírito que informa a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público sobre as relacións que deben rexer as relacións entre as administracións públicas e entre estas e os organismos ou entidades vinculados e dependentes delas así como co disposto no artigo 127.1 b) da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia sobre intercambio de datos, informacións e documentos entre administracións públicas.



Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente acordo para a cesión de datos de identificación de usuarios do sistema público sanitario no marco da tramitación de servizos administrativos da Consellería de Política Social e Xuventude.

## CLÁUSULAS

### **Primeira. Obxecto do acordo de cesión**

O presente acordo ten por obxecto establecer a colaboración para a cesión de datos de identificación das persoas usuarias do sistema público sanitario dos que é responsable de tratamento a Consellería de Sanidade no marco da tramitación de servizos administrativos da Consellería de Política Social e Xuventude.

O primeiro servizo que se incluírá será a tramitación da Tarxeta Benvida, para cuxa tramitación en primeiro lugar realizarse unha comunicación mediante SMS no marco do seguimento do embarazo, nesa comunicación informarase ás persoas xestantes da dita Tarxeta Benvida. Tamén se inclúe a consulta de condición de persoa xestante, co consentimento da persoa interesada, e por último a consulta de incorporación dun novo beneficiario en Tarxeta Sanitaria, que tamén requirirá do consentimento da persoa interesada.

### **Segunda.- Datos obxecto de cesión**

Os datos de identificación a ceder son os recollidos no anexo I deste acordo.

### **Terceira.- Financiamento**

A Consellería de Política Social e Xuventude, a Amtega e a Consellería de Sanidade asumirán respectivamente, con cargo aos seus propios orzamentos, as accións que se deriven do cumprimento do presente acordo.

### **Cuarta.- Obrigas das partes**

#### Obrigas da Consellería de Sanidade:

- a Consellería de Sanidade garantirá a dispoñibilidade do servizo de consulta e o acceso aos datos de identificación de usuarios do sistema público



sanitario, nos termos recollidos na disposición adicional terceira da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.

- a Consellería de Sanidade enviará os SMS informativos ás xestantes.
- a Consellería de Sanidade, conxuntamente coa Amtega garantizará a dispoñibilidade da conexión entre a plataforma de tramitación da Tarxeta Benvida e o servizo de consulta dos datos de identificación de usuarios do sistema público sanitario.

#### Obrigas da Amtega:

- a Amtega garantizará a dispoñibilidade do sistema e o acceso a información contida na plataforma de tramitación da tarxeta benvida.
- a Amtega, conxuntamente coa Consellería de Sanidade, garantizará a dispoñibilidade da conexión entre a plataforma de tramitación da Tarxeta Benvida e o servizo de consulta dos datos de identificación de usuarios do sistema público sanitario.

#### Obrigas da Consellería de Política Social e Xuventude:

- a Consellería de Política Social e Xuventude recollerá o consentimento das persoas que fagan a solicitude e verificará a súa validez antes de realizar calquera consulta de datos a través da plataforma de tramitación.
- a Consellería de Política Social e Xuventude utilizará os datos comunicados coa finalidade exclusiva da tramitación da solicitude administrativa para que se obtivo o consentimento.

#### Obrigas comúns das partes:

- Co obxectivo de facilitar a planificación conxunta e a coordinación das actuacións, as partes asinantes comprométense ao intercambio de toda a información precisa no que atinxe ao funcionamento dos elementos obxecto deste acordo de cesión de datos.



### **Quinta. Modificación do acordo**

A modificación do presente acordo requirirá a conformidade de todas as partes asinantes, e formalizarase mediante a subscrición do correspondente acordo de modificación.

Para garantir unha correcta traza das cesións realizadas, gardarse por parte dos responsables de tratamento do cedente e do cesionario o histórico de todas as modificacións.

Por acordo da Comisión de Seguimento poderanse incluír novos servizos de interoperabilidade, que deberán verse reflectidos no anexo I deste acordo, cuxa actualización será responsabilidade da Consellería de Sanidade.

### **Sexta. Duración do acordo**

O presente acordo será efectivo dende a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante catro anos; sen prexuízo de que se acorde polas partes expresamente a súa prórroga, polo mesmo prazo, mediante a subscrición dun acordo de prórroga con, a lo menos, dous meses de antelación á data de finalización do prazo de vixencia.

### **Sétima. Extinción do acordo**

Serán causas de extinción deste acordo, o cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución, sendo estas as sinaladas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os efectos da resolución, no seu caso, rexeranse polo previsto no artigo 52 da mesma lei, no que resulte de aplicación; para o caso do incumprimento das obrigas e compromisos asumidos as consecuencias determinaranse polas partes, a proposta da comisión de seguimento, que poderá acordar a continuación das actuacións en curso que considere oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal, deberá realizarse a liquidación.



### **Oitava. Seguimento da execución do acordo**

1. Para o debido seguimento do acordo, incluídas as propostas para a súa posible revisión, modificación, adecuación ou actualización, prevese a existencia dunha comisión de seguimento. O seguimento da execución do presente acordo comprenderá:

- a observación da implantación e efectiva aplicación deste,
- a solución de controversias suscitadas na interpretación e cumprimento deste acordo,
- a coordinación e colaboración entre as partes asinantes na execución deste acordo,
- as propostas de modificación do presente acordo.

2. A estes efectos, constitúese a Comisión de Seguimento do presente acordo, presidida pola persoa representante da Consellería de Sanidade, e integrada por:

- a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería da Política Social e Xuventude ou persoa que a substitúa,
- a persoa titular da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ou persoa que a substitúa,
- a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade ou persoa que a substitúa.

3. Para o caso de vacante, ausencia ou enfermidade do/a presidente, será substituído/a polo membro de maior xerarquía, antigüidade ou idade de entre os seus compoñentes, por esa orde.

4. A Secretaría da Comisión, con voz e sen voto, será desempeñada por un funcionario ou funcionaria designada pola Consellería de Sanidade.

5. Esta comisión reunirse en sesión ordinaria, ao menos, unha vez ao ano e sesión extraordinaria, a solicitude de calquera das partes.



6. Será de aplicación o réxime establecido para os órganos colexiados no capítulo I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### **Novena. Natureza do acordo e discrepancias**

O presente acordo ten natureza administrativa, rexéndose os seus efectos polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, polo previsto no capítulo VI da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e polos principios xerais establecidos na lexislación sobre contratación pública, para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente acordo deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava do presente acordo.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste acordo quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

### **Décima. Publicidade da subscrición do acordo.**

En cumprimento do disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Política Social e Xuventude remitirá os datos necesarios para a publicidade do acordo no rexistro correspondente (Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia).

Tanto os tratamentos como o cesión de datos recolleranse no Rexistro de Actividades de Tratamento das 3 entidades asinantes, que están publicados na sede electrónica da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan a publicación dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas nel no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.



E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente acordo, no lugar sinalado *ut supra* e á data das sinaturas dixitais.

Por parte da Consellería de  
Sanidade

Por parte da Consellería  
de Política Social e  
Xuventude

Por parte da Axencia  
para a Modernización  
Tecnolóxica de Galicia

Don Julio García Comesaña

Dona Fabiola García  
Martínez

Don Julián Cerviño  
Iglesia

Conselleiro de Sanidade

Conselleira de Política  
Social e Xuventude

Director da Amtega



**ANEXO I.- Procedementos obxecto de acordo de cesión entre os asinantes**

Procedemento ou servizo	Datos a ceder	Vixencia	Outros
Tarxeta Benvida	Certificación administrativa de xestante (S/N)  Certificación administrativa de beneficiario (S/N)	Desde a sinatura do acordo	Envío de SMS informativo, sen cesión



## ANEXO II.- Protección de datos

### 1. Deber de confidencialidade

Con respecto aos datos obxecto deste acordo, a Amtega e a Consellería de Política Social e Xuventude como cesionarios dos datos deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados ou que sexan elaborados con ocasión da execución do presente acordo. Así mesmo, quedan expresamente obrigados:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito do presente acordo e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución deste acordo;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os cesionarios accedan en virtude do presente acordo, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio.

Este deber manterase durante un prazo de 10 anos desde o coñecemento desa información.

### 2. Obrigas de tratamento dos datos polos cesionarios

A Amtega e a Consellería de Política Social e Xuventude terán a condición de cesionarios para os efectos do disposto no artigo 28 e concordantes do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de



2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd) e o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) sendo o responsable do tratamento a Consellería de Sanidade.

Os cesionarios deberán dar cumprimento ás obrigas incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

2.1. Tratar por conta da Consellería de Sanidade os datos de carácter persoal necesarios para organizar e desenvolver o obxecto deste acordo. A tipoloxía de datos tratados e as categorías de interesados serán unicamente os que permitan dar cumprimento ao obxecto deste acordo, sendo esta información a que aparece recollida no rexistro de actividades de tratamento publicado en: <https://www.xunta.gal/registro-de-actividades>. A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade poñerá ao dispor dos cesionarios tanta información dispoña e sexa estritamente necesaria para a execución do obxecto deste acordo. O tratamento poderá consistir na recollida, rexistro, conservación, consulta, supresión e destrución da información segundo o obxecto deste acordo.

2.2 Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste acordo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.

2.3. Tratar os datos de acordo coas instrucións da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade. Se os cesionarios consideran que algunha das instrucións infrinxe o RXPd, a LOPDGDD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable de tratamento.

2.4. Levar por escrito no seu rexistro das actividades de tratamento efectuadas no marco deste acordo referencia á orixe dos datos obxecto deste acordo.

2.5. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, nos supostos



legalmente admisibles. Os cesionarios poden comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.

No caso de subcontratación, autorízase o acceso a datos persoais por parte do subcontratista, cando sexa necesario, dando cumprimento en todo caso, aos requisitos previstos no artigo 215 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Neste caso, as entidades subcontratistas, terán a condición de encargado do tratamento e deberán cumprir igualmente as obrigas establecidas neste acordo e as instrucións que dite o responsable. Aos cesionarios correspóndelles regular a nova relación, de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigas, medidas de seguridade,...) co mesmo réxime de responsabilidade e cos mesmos requisitos formais que os cesionarios no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subcontratista, os cesionarios seguirán sendo plenamente responsables ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade no referente ao cumprimento das obrigas.

2.6. Manter o deber de segredo respecto dos datos persoais aos que tivese acceso en virtude deste acordo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

2.7. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará convenientemente. Os cesionarios manterán a disposición da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade a documentación acreditativa do cumprimento desta obrigación.

2.8. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.



2.9. Asistir á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que esta poida cumprir coa súa obrigaón de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, os cesionarios facilitarán á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, a requirimento de esta, e á maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante a estes efectos. No caso de que os afectados solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante os cesionarios, este informaralles, a través de calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

2.10. Todas as partes implicadas no acordo deberán facilitar a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar no momento de recadar os datos. A redacción e o formato no que se facilitará a información débese acordar entre as partes e dará cumprimento en todo caso ás esixencias previstas no RXPD e na LOPDGDD.

2.11. Notificar á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RXPD.

2.12. Dar apoio á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.

2.13. Implantar, nos casos que aplique, as previsións recollidas no Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade. En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:



2.13.1. Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.

2.13.2. Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.

2.13.3. Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.

2.13.4. Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.

2.14. Poñer a disposición da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigas, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos por entidades acreditadas ou, en caso de non existir, facilitando a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado.

2.15. Designar un delegado de protección de datos, se correspondese segundo o previsto no artigo 37 do RXPd e no artigo 34 da LOPDGDD, e comunicar a súa identidade e datos de contacto á Consellería de Sanidade, sen prexuízo da preceptiva inscrición na AEPD.

2.16. Devolver á Consellería de Sanidade, no caso de resolución do presente acordo os datos persoais e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polos cesionarios. Non obstante, estes últimos poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

Os cesionarios e o seu persoal, deben respectar as medidas de seguridade establecidas na Xunta de Galicia e no sector público autonómico, entre outras, as medidas contempladas no Decreto 89/2016, do 30 de xuño referidas á xestión de datos de categorías especiais, as establecidas na política de seguridade da información da Xunta de Galicia e do sector público autonómico (feitas públicas



pola Resolución do 10 de xullo de 2015 da Amtega) e as previstas na demais normativa de protección de datos persoais referidas a:

- Funcións e obrigas do persoal,
- Rexistro de incidencias,
- Control de accesos.
- Identificación e autenticación no que respecta á xestión dos usuarios alleos á Consellería de Sanidade
- Responsable de seguridade.
- Auditoría.
- Control de acceso físico.
- Telecomunicacións .

En caso de que os cesionarios destinen os datos a outra finalidade, os comuniquen ou os utilicen incumprindo as estipulacións do acordo, serán considerados tamén responsables únicos deses tratamentos, respondendo das infraccións en que tivesen incorrido persoalmente.

#### **Quinta. Protección de datos derivados da xestión do propio acordo.**

Os datos persoais facilitados para a formalización do presente acordo serán tratados, na súa condición de responsable, pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

A lexitimación para o tratamento dos datos é a execución do presente acordo.

Os datos persoais proporcionados polos cesionarios serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral do acordo e o desenvolvemento do mesmo, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as devanditas finalidades e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

Así mesmo, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, como responsable do tratamento, poderá acordar a publicación de determinados datos, nos termos previstos na lexislación vixente, a través dos distintos medios de



comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, a fin de dar a publicidade legalmente esixida ao procedemento de contratación.

No caso de que os cesionarios lle facilitasen datos persoais de terceiros á Consellería de Sanidade, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente á súa inclusión deberá informar aos interesados dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

Os titulares dos datos interesados poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos segundo se explícita na información adicional sobre protección de datos contida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): os interesados poderanse poñer en contacto co Delegado de Protección de Datos correspondente segundo o especificado en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

